

Amigas e amigos.

Hónrame poderlles falar dun dos grandes poetas da literatura galega do século XX e ao mesmo tempo poderlles falar dun amigo infelizmente desaparecido de xeito prematuro.

É motivo de ledicia e motivo de reflexión de que pouco a pouco a súa obra leveda emerxe máis poderosa, a do poeta en nós entrañado que compartiu connosco a súa amizade o amor polos seus e polo noso país.

Son xa once anos de ausencia mais permítanme que lles diga que cada vez está máis presente, e xa non só para un grupo que nos privilexiou coa súa amizade, coa súa humanidade, para ser patrimonio cada vez máis da nación que amou e á que entregou a flor dos seus soños a flor dos seus poemas.

Antón Avilés é o fogar máis tenro e amado dos poetas nos días de amargura e nos días de ledicia pois era un ser sen fel, como diría o tamén querido poeta Fiz Vergara, sin querer selo era o mestre, sin querelo emerxe do tempo quen é un dos mellores poetas que nos deu o século XX.

Como lles dicía, todo aquilo que tocaba enchíao de dignidade, como a grande árbore que dá o froito dos soños. A súa cerna era a do país natal, a dos carballos do bosque da infancia

Mais permítanme que reivindique en Antón Avilés de Taramancos a súa estética poética e tamén e tanto a súa ética existencial. Nunca houbo distancia íntima entre o seu amor pola poesía e polo seu país e polos seres que amou.

Como a flor máis leve desfollou as pétalas da rosa dos ventos pola América máis nutricia e trouxo para a nosa terra a flor, tróuxonos a mirada de Sofía, a súa dona, e mais dos seus fillos, para que a nosa luz sexa máis luz.

Escrebia do poeta amigo González Garcés, xa falecido:

*Pasan coma nun lampo de retallos da miña vida e pasa un sulco aberto onde tamén puxo a súa semente a poesía.*

Así eu busco a Antón na memoria unha imaxe que me traia a memoria súa, a súa paixón de viver onde todo é canto ou canción poema que desce e pousa como branca onda ou nevarada.

Antón é palabra firme e grave e evanescente que ven no seu clamor nutricia.

Volver a Antón Avilés é necesario para volver dos días que nos firen e logo parten, volver a Antón Avilés é como quen volve no abrazo amigo ao reino da infancia, ao reino da ternura, como quen volve ao tremor da vida livre incandescente.

Baixo a árbore súa e a súa cerna protectora paseamos as nosas sombras para que sexan cunca de vidro e os seus soños sexan os nosos soños, para que sexa esta hora antiga e manseniña.

Buscamos a Antón Avilés e atopámolo se lemos a liña da vida das mans do mariñeiro que envolve o argazo e tensa a rede. Buscamos a Antón e atopámolo na man do labrego que guía o arado, que sementa e ara no fulgor das horas e fai da luz de marzo sulcos e galga a serra inaprensíbel. Buscámolo na tarde fría e el é a hora máis calma e é súa a memoria nosa e a ausencia, e traza a súa elipse de bimbio e non hai con el tempo de amargura.

A luz da súa palabra treme no seu leme e é ámbar e permanece o río e o bosque e borbulla a fonte e escoito para el os seus amados coros de nabuco que saen *da alma popular ergueitos e rompen as trabes do horizonte*.

Bébedo de solpores os seus poemas coma o pardal peteira o vidro e no espello da auga clara dános a súa chama.

Nos eidos desta terra inmemorial deixounos dito Antón Avilés:

*os que cantamos os vellos himnos que simbolizan ao noso povo e á nosa patria non queremos máis que significar o amor e o dereito a ser libres*

ou

*nosa non foi a espada. noso é o remo e o adival. noso é a fouce e a bigorna e o cincel*

Del recibemos o facho do pensamento poético o compromiso activo para co noso idioma e para co noso país e para os desposuídos desta terra e alí onde o sexan. O seu pensamento de liberdade é para nos mandato de futuro.

Antón Avilés Vinagre, ese é o seu nome, nasce o día 6 de abril de 1935 en Taramancos, parroquia de Santa María de Boa, concello de Noia, aldea da que colle o seu nome.

Fillo de Severiano Avilés e de Manuela Vinagre, coñecida como Lela da Pastora

[poesía de *Torres no Ar*, 89]

Do mundo materno venlle o diálogo que Antón mantén coa terra, pois significa a comunión coa terra, os labores da horta e o monte, os eidos que todo neno compartía con Lela, a nai, e Pepa da Pastora, a avoa materna, participa nos faceres labregos e da terra.

[*Obra viva* Sra. Sinforsosa, 105]

Co pai mariñeiro embarcado, vén a Antón o soño viaxeiro que estaba ás portas da casa, cos veleiros *Lealtad, Pepito, Hermoso, Nova Flor do Barqueiro, Maniños, Olga*, os seus patróns e mariñeiros e navegantes que admirou o neno Antón Avilés.

A amizade súa cun vello mariñeiro apelidado Pontellas, que vén reflectida en fermosos textos publicados na revista *Barbanza* e que sería recolleita no volume póstumo *Obra viva* (1992) adicándolle un poema dos máis fermosos de *As torres do ar*

[poesía de *Torres no Ar*, 111]

A obra de Antón Avilés ten unha compoñente de evocación autobiográfica que é algo común en moitos poetas: o ir construíndo a propia obra segundo se vai construíndo a propia vida.

Antón estuda na escola pública de Boa e con 13 anos fai o ingreso no instituto Xelmírez de Compostela, onde se seguiu a examinar por libre despois de estudar en Noia

nunha academia. Isto lle permite facer boas amizades literarias que terán un peso decisivo na formación literaria de Antón. Con eles publica na revista *Tapal*.

Antón faise así un autor monolingüe entrando xa no espectro ideolóxico do galeguismo e do nacionalismo. Destacamos de entre os seus amigos e mestres o de Basilio Fernández Barbazán, de quen di

*da súa dignidade aprendemos toda unha xeración a ser quen somos*

[*Obra viva*, texto do Barbanza]

As experiencias noiesas son a primeira e decisiva etapa de Antón na súa formación humana, chegando dispois unha segunda etapa da súa xuventude na Coruña e no Ferrol entre os anos 54 e 60, tempo certamente duro para Antón e ao mesmo tempo luminoso. Antón chega a Coruña para cumprir a vontade paterna de se facer coa titulación da escola de náutica que nunca rematou. Vive na pensión La Flor Noiesa, situada na praza de Santa Catarina, lugar de reunión de amigos e algúns deles iniciadores na literatura rusa.

[Texto *Obra viva*]

Outro lugar de iniciación literaria e cultural é na tertulia de Casa Enrique, unha taberna da rúa Compostela, onde se reúne cos novelistas Mariano Tudela, cos pintores Urbano Lugrís e Xosé Luís e o escultor catalán Carlos Molla. Crean a peña *Amanecer* no ano 1953.

E decisivo é o contacto cos mozos Xohan Casal e mais Raimundo Patiño.

Afortalanse as súas conviccións políticas nas relacións con Xosé Ramón Vilar Chao, Leandro Carré, Carlos Martínez Barbeito, Vilar Ponte ou Álvaro Cebreiro, a quen coñece no seu leito de morte; con Manuel María e Uxío Novoneyra, coñéceos nos caneiros de Betanzos, nas súas festas poéticas; posteriormente coñece na súa etapa coruñesa a Álvaro Cunqueiro a Celso Emilio Ferreiro, Salvador García-Bodaño e mais Méndez Ferrín.

Mais sobre de todos aparece a figura poderosa do grande amigo Urbano Lugrís, co que ten unhas relacións fondas de amizade e de aprendizaxe creadora e literaria por un mozo que non frequenta demasiado as aulas da escola de náutica

[texto seu sobre Lugrís 4, *Obra viva*, 213]

publica como separata na revista *Atlántica* o seu primeiro libro *As moradías do vento*.

Publica en *Lar* de Bos Aires, en *Aturuxo* do Ferrol e *La noche* de Compostela, e por suscripción entre amigos sufraga o seu segundo libro *A fruta e o garamelo*.

Aquí xa vemos os froitos da aprendizaxe da natureza en Taramancos.

Escreve tamén un poemario de amor *Pequeno canto para un peito xoven* adicado á súa primeira noiva Fina Barrios, libro que integraría máis adiante como “Poemas a Fina Barrios” no libro *O tempo no espello*.

Para lle sufragar os gastos de medicamentos da rapaza enferma, traballa nunha fábrica de aluminio. Dorme naquel tempo nunha caixa de acepilladuras de madeira e Lugrís mitificaba a situación como que durmían entre virutas normandas.

Na súa etapa coruñesa colabora en experiencias teatrais con Antonio Naveira Gogay, e concretamente en levar a escea do teatro Colón de A Coruña *O incerto señor don hamlet* de Álvaro Cunqueiro.

Na súa etapa ferrolá, vencellada ao cumprimento do servizo militar, coñece a Alexandre Crieiro, con quen acodía á tertulia do café Bonilla, onde se reunían dos escritores da revista *Aturuxo*, fechándose esta etapa coa súa volta á aldea, coa interrupción dos estudos de náutica, aos que non adicou excesivos esforzos, máis pendente da súa formación literaria. A un compañeiro de escola escrevelle este texto

[Texto de *Obra viva*, 118, Domingo Antonio Lado Filgueira]

Dispois de esta etapa marcha á emigración/exilio, pois segundo me ten comentado Neira Vilas, a policía andaba pendente del por mor dunhas publicacións que lle manda desde América. Un amigo policía recoméndalle que se vaia e o cónsul de Colombia na Coruña, que é amigo del, premeralle a súa marcha a Colombia. No verao previa á súa partida escribe poemas soltos a Maricarme Pereira, irma da súa amiga Aurichu Pereira, compañeira de Salvador García-Bodaño. Estes poemas serán incluídos en *O tempo no espello*.

Xa en Colombia a súa relación coa Galiza é con Salvador García-Bodaño e mais con Aurichu Pereira: Salvador ánima a seguir a escribir e na revista *Grial*. Reprodúcese unha carta de Antón a Salvador entre a realidade algo ficcionada e a crueldade da emigración:

[carta 5]

Na súa volta atemperou esta imaxe, máis de ser bo coñecedor daquela realidade, e concretamente da selva, dan fe os seus *Cantos Caucanos*, que tive a honra de presentar na cidade de A Coruña no auditorio de Caixa Galicia.

Traballou en Bogotá na fábrica de manteiga “Retina”, e foi mordomo da ambaxada de Brasil, onde coñece á súa compañeira Sofía, que sería a súa muller e a nai dos seus fillos. Posteriormente probou fortuna en México, Venezuela e Arxentina, sendo outravolta Bogotá onde traballa como xerente da Librería Cultural Colombiana de Occidente. pasa por outras moitas profesións aínda que, como lle escribe a Salvador García-Bodaño, *o ouro fuxe de min como eu fuxo dil, somos incompatibles*. Certamente non fixo as Américas.

A morriña dolorida faille escribir *Poemas da ausencia* aínda que na súa volta a Galicia volve ter saudades da terra de Colombia dispois de cáseque vinte anos nunha paisaxe que en palabras súas *veñen os meus fillos desa stirpe. A metade lúcida da miña vida pasou nesa paisaxe e entre esa xente*.

Froito das súas relacións literarias foron moitas das amizades de escritores e xentes que foron presidentes de república e embaixadores ou estrelas da música popular latinoamericana.

Dispois de vinte anos retorna á súa Noia natal; dispois de intentar diversos novos traballos, instala unha tasca típica nos baixos dunha casa medieval en Noia, converténdose nun lugar de referencia sobre de todo para as xeracións máis novas.

En 1982 édítase toda a obra anterior ao regreso e escribe a *Nova crónica de Ulises e Cantos Caucanos* (1985) onde desde a Galiza Antón evoca Colombia, e que ten o premio da Asociación de Críticos de España

[poema *Cantos Caucanos*, 6]

Publica *As torres no ar*, no que recupera a nenez e aparece o mellor Antón Avilés

[poema 7]

Deste mesmo ano é Nova crónica das Indias

En abril de 1980 está Antón Avilés de novo en Noia, en Taramancos e, buscando un sustento para el e a súa familia, intenta primeiro unha libraría que non pode abrir, intenta abrir algunha casa de comidas en Compostela e por fin retorna a Noia onde abre a tasca típica a taberna nos baixos dunha casa do casco vello de Noia. A *Tasca Típica* convértese nun foro da vila onde arredor de Antón Avilés, a cultura aparece da man del en relación coa mocidade, pois el sempre dicía que el era da xeración dos máis novos; foi concelleiro de cultura en Noia polo BNG, desenvolvendo un enorme traballo co patrimonio cultural de Noia e segue a colaborar con varias publicacións periódicas como *A Nosa Terra*, no *Luzes de Galiza*, *Seiva* e, sobre de todo, en *Barbanza*, revista noiesá: participa na súa fundación e onde verque unha creatividade fértil e intensa.

Fai varias traducións literarias de poetas queridos por el e participa en moitos recitais e conferencias. Foi durante anos presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

En maio de 1990 morre a súa nai Lela da Pastora, e en xuño de 1991 [descúbrenlle] un cancro do sistema linfático. Dispois de consumir até a derradeira chama escribe o derradeiro libro, xa ferido de morte, e fai un canto á vida

[*Última fuxida a Harar*, 125]

Lévaolo un mal vento e morre o 23 de marzo de 1992, sendo soterrado no cemiterio de Boa ollando ao mar da súa nenez.

A súa obra, como lles acabo de mostrar, vive e vivirá para sempre na súa obra que fixo que nós, que o noso país, sexa posuidor dunha literatura fundamental na Europa do século XX, proxectándose cara ao futuro como un dos povos cultos do mundo.